

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

O 3 de agosto, na cidade da Prata, Arxentina, unha moza de 15 anos sacou un revólver na clase e disparou un tiro á súa cabeza. Morreu catro días despois. Deixou unha nota aos seus compañeiros: “Chau, merdas, deixo un xogo na mochila. O que o atope queda con el”. O xogo era *Metal Gear Solid 5 GroundZeroes*. Hai unha serie chamada *13 reasons why*. Conta a historia dunha adolescente que se suicida e deixa, gravadas, 13 razóns polas cales o fai. A serie ten problemas —de guión, de verosimilitude—, pero ten éxito reconstruíndo a soidade e a incomprensión que, como lentes de aumento, axigantan situacións —desenganos, burlas, brutalidade entre pares, indiferenza dos pais— e vólvenas insoportables. Pregunteille a un coñecido se a viu. Díxome: “Non! É para adolescentes”. Resulta curiosa a forma en que os adultos falamos de “os adolescentes” como quen di “os marcianos” ou “esa xentuza”. Ás veces penso que é debido á tensión postraumática: todos pasamos por esa etapa de desgraza fantástica e case ninguén quere volver. A revista *Time* publicou que en 2015 tres millóns de adolescentes tiveron un episodio depresivo grave en Estados Unidos. Na Arxentina, o Ministerio de Saúde indica que das 6.500 mortes que se producen por ano entre persoas de 15 a 24 case 1.000 son suicidios. Segundo datos de 2017 da OMS, o suicidio é a terceira causa de mortalidade de adolescentes no mundo, a primeira en Europa, e a taxa sobe ano tras ano. Mentres iso pasa, os adultos seguimos convencidos de que a soidade, a incomprensión e o baleiro que ás veces sobreveñen nesa etapa non son problemas da condición humana, senón “ cousas de adolescentes”. Como quen amenta —que alivio!— unha peste con data de caducidade.

Leila Guerriero (*El País*, 23 de setembro de 2017, adaptado ó galego)

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma, nunha extensión aproximada de 150 palabras, o contido do texto, reflectindo as ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de forma argumentada e razoada, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

El 3 de agosto, en la ciudad de La Plata, Argentina, una chica de 15 años sacó un revólver en clase y se disparó un tiro en la cabeza. Murió cuatro días después. Dejó una nota a sus compañeros: “*Chau, mierdas, dejo un juego en la mochila. El que lo encuentre se lo queda*”. El juego era *Metal Gear Solid 5 Ground Zeroes*. Hay una serie llamada *13 reasons why*. Cuenta la historia de una adolescente que se suicida y deja, grabadas, 13 razones por las cuales lo hace. La serie tiene problemas —de guion, de verosimilitud—, pero es exitosa reconstruyendo la soledad y la incomprensión que, como lentes de aumento, agigantan situaciones —desengaños, burlas, brutalidad entre pares, indiferencia de los padres— y las vuelven insoportables. Le pregunté a un conocido si la había visto. Me dijo: “¡No! Es para adolescentes”. Resulta curiosa la forma en que los adultos hablamos de “los adolescentes” como quien dice “los marcianos” o “esa gentuza”. A veces pienso que es debido al estrés postraumático: todos pasamos por esa etapa de desgracia fantástica y casi nadie quiere volver. La revista *Time* publicó que en 2015 tres millones de adolescentes tuvieron un episodio depresivo grave en Estados Unidos. En la Argentina, el Ministerio de Salud indica que de las 6.500 muertes que se producen por año entre personas de 15 a 24 casi 1.000 son suicidios. Según datos de 2017 de la OMS, el suicidio es la tercera causa de mortalidad de adolescentes en el mundo, la primera en Europa, y la tasa sube año tras año. Mientras eso pasa, los adultos seguimos convencidos de que la soledad, la incomprensión y el vacío que a veces sobrevienen en esa etapa no son problemas de la condición humana, sino “cosas de adolescentes”. Como quien menta —qué alivio— una peste con fecha de caducidad.

Leila Guerriero (*El País*, 23 de septiembre de 2017)

1. Indique, en una frase de no más de 25 palabras, cuál es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]
2. Resuma, en una extensión aproximada de 150 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. [6 puntos]